

PROGRAMA 7. “COEDUCACIÓN E PREVENCIÓN DE CONDUTAS SEXUAIS DE RISCO”

XUSTIFICACIÓN

Debido ás características peculiares propias da adolescencia, a mocidade é un grupo propenso a pór en práctica condutas irresponsables e de enorme risco, tanto para a súa saúde física como psicolóxica. A prevención que tratamos de impulsar baséase principalmente nunha educación que capacite á poboación adolescente para que valore o máis obxetivamente posible os perigos do consumo de drogas e outras adicións así como a adopción doutras condutas de risco.

En relación á sexualidade, a primeira información que teñen en ocasións é mediante o acceso á imaxe dixital na meirande parte dos casos con contido explícito, algunhas veces incluso casual ou non intencionado. O visionado deste tipo de imaxes pornográficas, que, segundo amosan recentes estudos, comeza cada vez a idades máis temperás, moi ligado ás condutas violentas e de risco (sexo sen protección, relación sexuais sen consentimento, intento de sexo en grupo e sexo con descoñecidos) é unha das principais fontes de formación dos e das nosos e nosas adolescentes. Preténdese potenciar a súa madurez emocional e psicosocial, fomentando a súa capacidade crítica, a súa autonomía persoal, e a clarificación e fortalecemento dos seus valores. En resumen, que consigan adoptar ideas que lles fagan libres e responsables para tomar as decisións máis axeitadas para o seu pleno desenvolvemento e integración social. Por iso consideramos básico e importante que ademáis da formación académica que se lles poida aportar nos seus respectivos centros de ensino, esta se vexa complementada cunha información preventiva realista, veraz, acorde coas súas necesidades e actitudes, que lles aporte unha visión obxectiva sobre as condutas asociadas a hábitos e comportamentos saudables e non saudables, e a utilizar métodos de prevención de ITS e embarazos non desexados. En definitiva, unha formación de cara a acadar relacións sexo-afectivas saudables e consentidas nas que non estea presente o uso/consumo de drogas. Segundo datos que se desprenden do ESTUDES 2021, o 17,9% do alumnado declara dificultades para recordar o sucedido a noite anterior despois de saír algún día do último ano, aumentando exponencialmente en función do consumo de alcohol (46,5%), cocaína (50,4%) e cannabis (56,4%). En canto ás relación sexuais sen preservativo, a porcentaxe de estudantes que as recoñece, sitúase no 16,3%, incrementándose de xeito importante entre os/as consumidores/as de todas as sustancias psicoactivas, destacando nos consumos problemáticos de cannabis e os/as consumidores/as de cocaína, chegando a prevalencias próximas ao 60%.

POBOACIÓN OBXECTO

Este programa está dirixido ao alumnado de Educación Primaria e Secundaria que cursen estudos en centros de ensino ordinarios e non ordinarios dos Concellos de A Cañiza, As Neves, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Gondomar, Nigrán, Ponteareas, Soutomaior, e Vigo.

MODELO TEÓRICO

Unha serie de modelos teóricos socio-cognitivos, que foron aplicados nas dúas últimas décadas á área da Saúde, e particularmente ó comportamento

contraceptivo-preventivo, tratan de dar conta dunha serie de factores asociados á adopción de condutas de saúde e de risco, como son os Modelos de Creencias de Saúde de Beck (Becker et al., 1974), da Acción Razonada ou Intención Conductual de Fishbein y Ajzen (Ajzen y Fishbein, 1977, 1980), da Acción Planeada de Ajzen (Ajzen y Madden, 1986; Schifter y Ajzen, 1985), o Modelo de Autoeficacia de Bandura (1977), as aportacións de Levinson ao concepto de autoeficacia (1984, 1986), os Modelos Extendidos de Matlicka-Tyndale (1991) e de Triandis (1980), o Modelo de Bentler e Speckart (1979, 1981), e a teoría do psicólogo social Donn Byrne (Byrne, 1983; Fisher et al., 1988).

En xeral, estas teorías indican que a información é necesaria pero non suficiente para incrementar a calidade da vida sexual e previr todas as problemáticas relacionadas coa sexualidade. É dicir, o coñecemento por sí solo non é suficiente para poder cambiar a conduta (DiClemente, Durbin, Siegel et al., 1992).

FINALIDADE, METAS E OBXECTIVOS

- Fomentar entre a poboación adolescente estratexias educativas que favorezan a prevención
- Fomentar o uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación, limitando o acceso a contidos non adecuados e desenvolvendo unha actitude crítica ante os mesmos.
- Fomentar os comportamentos que non implican risco, relacións sexo-afectivas libres do consumo de drogas, non violentas e consentidas
- Facilitar estratexias de intervención
- Traballar nas crenzas e actitudes das e dos adolescentes
- Coñecer e ser capaz de pór en práctica formas eficaces de previr os riscos, coñecer e utilizar de forma efectiva os métodos de barreira, se se teñen relacións sexuais
- Informar e asesorar á poboación adolescente dos perigos que conleva a posta en práctica de condutas de risco

ACTIVIDADES E METODOLOXÍA

O programa articúlase da seguinte maneira:

Primeiro, realízase unha campaña informativa co fin de pór en coñecemento a existencia destes obradoiros e os seus obxectivos. Os centros interesados poranse en contacto coa Asociación AMAINA, e manterase unha entrevista con cada un deles.

Nome actividade: COEDUCACIÓN E PREVENCIÓN DE CONDUCTAS SEXUAIS DE RISCO

Tipo Actividade: preventiva

A actividade consiste na impartición dun taller sobre educación afectivo-sexual dirixido a alumnado de Primaria e Secundaria, co seguinte contido:

1ª SESIÓN: Presentación; Sexualidade; Condutas de risco relacionadas co uso das tecnoloxías da información e da comunicación: sexting, grooming, adiccións e outros problemas derivados do mal uso das redes e internet (acceso a contidos non adecuados).

Conceptos clave: Sistema Sexo-Xénero; Expresión e identidade de xénero; Orientación do desexo.

2ª SESIÓN: Autocuidados: prevención de ITS e embarazos non desexados. Consecuencias negativas do uso/consumo de drogas nas relacións sexuais. Relacións saudables.

3ª SESIÓN: Modelos relacionais; O acordo; A comunicación; Criterios para relación sexo-afectivas saudables.

CRONOGRAMA

Este programa de prevención desenvólvese dende o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2025. Os talleres de coeducación e prevención de condutas sexuais de risco desenvólvese ao longo de tres sesións dunha hora cada sesión, coa posibilidade de aumentar a súa duración en función da demanda dos centros.

EQUIPO QUE DESENVOLVERÁ A INTERVENCIÓN

Este programa levarase a cabo polas técnicas da Asociación AMAINA: psicóloga, titulada universitaria oficial de grado, e avogada con experiencia en prevención de trastornos adictivos.

RECURSOS MATERIAIS

Local, material funxible (folios, bolígrafos, subcarpetas...), internet, teléfono, impresora, ordenadores, cañón de diapositivas.

MATERIAL A UTILIZAR: Cuestionarios, unidades didácticas, cd's e dvd's.

AVALIACIÓN

Os indicadores xerais para avaliar a eficacia do programa serán:

- Grao de satisfacción do alumnado participante coas experiencias (de aprendizaxe) que propician as actividades do programa.
- Nº de centros de ensino ordinario e non ordinario nos que se impartiron os obradoiros.
- Nº de poboación beneficiaria directa do programa.

Os instrumentos de avaliación específicos do programa serán:

- Un cuestionario xeral que se completará ao inicio do obradoiro, atendendo aos contidos do Programa que permite obter unha visión sobre as habilidades e coñecementos do grupo.
- Unha serie de dinámicas grupais que se realizarán en cada obradoiro.

- Outro cuestionario xeral que se pasará ao final do obradoiro para avaliar os cambios nas respostas e coñecer as competencias adquiridas polo alumnado.

Ademáis dos cuestionarios, exercicios, dinámicas, etc., o seguimento continuo do alumnado, así como a participación activa do mesmo, serán os instrumentos máis fiables.

De cara ao traballo integral con perspectiva de xénero, realizaranse intervencións diferenciais anteriores ás sesións correspondentes ao programa, servíndonos de materiais revisados e metodoloxía adecuada, así coma a utilización dunha linguaxe inclusiva.